

Dilixencia: para facer constar que esta resolución se fixo pública no perfil do contratante o día 10 de xullo de 2018. O xefe de sección de contratación de obras, servizos e privados

Sergio Pajares Domínguez

Asunto: Resolución de adxudicación

Número de expediente: P6/18

Procedemento de adxudicación: procedemento aberto. **Tramitación:** ordinaria

Destinatario: adxudicatario e restantes participantes na licitación.

Por Resolución Reitoral de data 05 de marzo de 2018 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación do contrato correspondente a unha "Poliza de seguro de vida para o persoal funcionario e laboral da Universidade de Vigo" (Exp. P6/18). Concluído o procedemento de contratación obsérvanse os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- No apartado 16 da F.R.C. do prego de cláusulas administrativas particulares que rexeu a adxudicación do contrato establécense os criterios de adxudicación.

Segundo.- Con data 30 maio de 2018 requíriuselle a empresa SURNE MUTUA SEGUROS Y REASEGURADOS A PRIMA FIJA. para que presentase a documentación a que se refire a cláusula 12.2 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Con data 2 de xullo de 2018 a Mesa de Contratación, tras a análise da documentación acreditativa presentada polo aspirante a adxudicatario relativa aos requisitos que figuran no apartado 13.1 do prego de cláusulas administrativas particulares, e verificado que se compren os requisitos esixidos, de conformidade coa cláusula 14.2 do prego de cláusulas administrativas particulares, esta Mesa de Contratación acorda elevar ao órgano de contratación a correspondente proposta de adxudicación do contrato correspondente ao expediente P6/18- "PÓLIZA DE SEGURO DE VIDA PARA EL PERSONAL FUNCIONARIO Y LABORAL DE LA UNIVERSIDAD DE VIGO" a favor da empresa SURNE MUTUA SEGUROS Y REASEGURADOS A PRIMA FIJA., polos importes unitarios máximos de licitación anuais correspondentes a cada idade, sendo o importe total de adxudicación (impostos engadidos) a cantidade de 75.350,30 euros anuais, por ser o licitador admitido que obtén maior puntuación (97 puntos) segundo os criterios de adxudicación establecidos e cumprir os requisitos do prego de cláusulas administrativas particulares e o seu anexo o prego de prescricións técnicas.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- De acordo co disposto no artigo 151.4 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público "a adxudicación deberá ser motivada, notificarse ós candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarse no perfil do contratante".

Segundo No artigo 160 dos Estatutos da Universidade de Vigo establécese que corresponde ao Reitor exercer as competencias que a lexislación en materia de contratación administrativa lle atribúe ao órgano de contratación, sen prexuízo das delegacións que por razón de eficacia poida realizar.

Por todo o exposto este ÓRGANO DE CONTRATACIÓN, no exercicio das competencias que ten atribuídas, acorda ditar a seguinte,

RESOLUCIÓN

Adxudicar o contrato correspondente a unha "Poliza de seguro de vida para o persoal funcionario e laboral da Universidade de Vigo" (Exp. P6/18)) á empresa SURNE MUTUA SEGUROS Y REASEGURADOS A PRIMA FIJA. polos importes unitarios máximos de licitación anuais correspondentes a cada idade, sendo o importe total de adxudicación (impostos engadidos) a cantidade de 75.350,30 euros anuais, por ser o licitador admitido que obtén maior puntuación (97 puntos) segundo os criterios de adxudicación establecidos e cumprir os requisitos do prego de cláusulas administrativas particulares e o seu anexo o prego de prescricións técnicas.

Así mesmo se ordena que esta resolución se faga pública no perfil do contratante da Universidade de Vigo de conformidade co sinalado no artigo 154.1 do TRLCSP.

Esta Resolución pon fin a vía administrativa e contra a mesma poderán os interesados interpoñer recurso ante a xurisdición contencioso –administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao do recibo da notificación da mesma. Non obstante os interesados poderán optar por interpor contra esta resolución, recurso de reposición, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte a súa notificación, ante o mesmo órgano que a ditou, e neste caso non se poderá interpor o recurso contencioso – administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Asemade, e segundo o disposto no artigo 156.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, requíreselle ao adxudicatario para que formalice o contrato nun prazo non superior a quince días hábiles seguintes á recepción desta resolución.

Vigo, 9 de xullo de 2018
O REITOR
Por delegación (R.R. 21/06/2018 DOG 28/06/18)
A xerenta



Raquel María Souto García